

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Folgozo do Courel, 17 de maio de 2010.-

Señor presidente da Real Academia Galega;
Presidente Fernández Albor;
Autoridades presentes;
Señores e señoras académicos;
Miñas donas e meus señores:

Para conmemorar este Día das Letras Galegas que hoxe nos reúne aquí, quero chamar para que me acuda un home destas terras luguesas. **Falo de don Álvaro Cunqueiro e da súa fermosa e fluvial definición da nosa terra como o país dos mil ríos.** A natureza quixo que pola codia e polo cerne da nosa Galicia, discorrese un sistema circulatorio que nos enche de vida e que nos diferencia daqueles outros territorios que se teñen que conformar con caudais máis humildes.

Nós temos mil ríos e un gran río que semella un mensaxeiro que percorre a nosa xeografía recollendo afluentes diversos. Penso que nese contraste entre a pluralidade de ríos, regatos, fervezas e cachoeiras, e o gran Pai Miño, está unha das claves para entender o que somos. **Somos un país diverso, con miles de ríos e milleiros de pensamentos, temperamentos e xeitos de entender a vida.**

Ninguén pode dicir que tantos ríos amolen, nin que sobre unha soa das ideas que os galegos teñen no seu maxín, porque, sen esa idea e sen esas augas, Galicia sería máis pobre.

Unha das razóns polas que esta Academia, hoxe convertida en nómade, conta coa estima da nosa xente é por reflectir esa nacionalidade polifacética que fomos creando dende a noite dos tempos. Don Álvaro foi académico, ocupando unha cadeira que lle correspondera a Ramón Cabanillas.

Velaí dous homes distintos na súa lírica, no seu carácter, na súa vida. Pero galegos. Se existe un parnaso no máis aló, non é difícil imaxinar o poeta da raza e mais o trobador das mil primaveras, intercambiando retallos da súa galeguidade.

O noso presidente da Real Academia Galega establece unha irmandade literaria semellante, nun traballo ao que os anos lle fan gañar valor, como lles acontece aos grandes viños. Titúlase *De Pondal a Novoneyra* e nel dise que *"cada un, ao seu xeito, marca unha inflexión na historia da poesía galega"*. Encarnan, presidente Ferrín, dúas etapas nun mesmo camiño. **Son dous peregrinos que se atopan nun mesmo rumbo que conduce ao xubileu de Galicia.**

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén a galeguidade de Ramón Piñeiro e a de Uxío Novoneyra son distintas, e ambos os dous desempeñan facetas da nosa personalidade colectiva: o maxisterio discreto e a voz rexa e telúrica; o artífice do novo galeguismo e o home que arrinca versos dos montes do Courel. O Día das Letras conmemora con eles dúas maneiras necesarias e vigorosas de entender Galicia. **Nese valioso mosaico que é o noso gran país, cada río, cada home e cada muller son pezas que fan de nós unha realidade irrepetible na historia.**

Un dos vencellos que fan que esas pezas se unan harmonicamente é a lingua. **Penso que a confusión de Babel non puido ser un castigo, se os galegos recibimos naquela repartición o idioma no que lles falo, que é o dos meus pais.** Con el fomos quen de crear unha rede de sentimentos que fan que non haxa en Galicia valados nin fronteiras que nos separen, **porque é de todos. Únenos porque é un punto de encontro, como a praza do Obradoiro, o adro de calquera igrexa ou a encrucillada na que se atopan os camiñantes. Vincúlanos coma o río Miño.**

Ningún gobernante sería fiel ao seu compromiso coa terra se esquecese o valor da lingua como lugar común. E quero dicirlles que a tarefa de cultivar ese lugar común é doada nun pobo afeito a falar e a entenderse. O poeta a quen hoxe honramos nesta festa das Letras chamábase a si mesmo *dicidor* porque a súa poesía era dita máis que escrita. **Uxío Novoneyra formaba parte dunha tradición oral propia das comunidades que se realizan na comunicación e no entendemento.**

Miñas donas e meus señores. Tivemos a sorte de que esa tradición de respecto pola lingua se fortalecese nos comezos da nosa autonomía, grazas ao acerto de persoas coma o primeiro presidente da Xunta. **A súa xeración soubo facer do idioma unha ponte entre os galegos e un camiño entre a Galicia do pasado e a Galicia do futuro.** Cómpre lembrar que, sen a súa temperanza, ese futuro que agora é presente, sería moi distinto. Reivindicando a esas xentes encarnadas hoxe aquí polo presidente Albor e aos dirixentes daquel prólogo autonómico, quero subliñar o papel do político, do político de todas as cores, no asentamento dos alicerces da nosa convivencia idiomática.

Esa convivencia esixe hoxe atopar equilibrios. **Todos os galegos aman a súa lingua, pero non todos o fan da mesma maneira.** Non todos coinciden no modelo ideal para normalizala, nin todos concordan no papel que han ter as administracións á hora de fomentalo,

Cal é a misión dos poderes públicos creados pola vontade popular? Establecer un solo común no que ninguén se sinta alleo.

Ese solo existe xa desde os albores do autogoberno e as súas orixes remóntanse ao nacemento do galeguismo cultural e político. Na nosa opinión, **ten catro grades principios: a cooficialidade entre o galego e o castelán; a consideración da lingua galega**

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como lingua propia de Galicia; a acción positiva para a extensión do seu coñecemento e uso; e a aplicación do principio de non discriminación por razón da lingua.

Estamos de acordo nestes catro piares? Estou convencido de que si.

A lingua é de todos os galegos, e sobrevivirá para sempre se todos os galegos queren que sobreviva. A nosa misión, a misión que compartimos a Real Academia Galega, o Goberno e as demais institucións do país, consiste en erguer en torno a eses principios compartidos un gran pacto pola lingua. O meu compromiso queda selado nestas terras do Courel.

"En cada época deben realizarse novas tentativas para arrincar a tradición do conformismo que pretende dominala". Velaí un fermoso pensamento do filósofo Walter Benjamín, citado polo membro máis recente desta Real Academia Galega no seu discurso de ingreso. **Ninguén da miña xeración pode estar en desacordo con estas palabras. O inconformismo é unha das nosas divisas e así terá que seguir sendo para que o mundo continúe a súa marcha.**

Na Galicia de hoxe, inconformismo é arelar unha lingua de todos, un galeguismo compartido, un país onde non haxa pensamentos únicos, senón ideas plurais que se complementen no gran mosaico galego, igual que Piñeiro e Cabanillas, ou que Pondal, Novoneyra e Méndez Ferrín; igual que os mil ríos de Cunqueiro. Esa nova tentativa que a todos nos compete é a de completar esta etapa da Galicia peregrina sen defraudar os que deixamos atrás, nin os que seguirán mañá as nosas pegadas. Miñas donas e meus señores, conseguíremolo entre todos.

Moitas grazas.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA